

PREGUNTAS SOBRE O PROGRAMA RE-ACCIONA COVID-19

-Se a empresa é asturiana e ten un centro en Galicia, pode presentarse?

Si, neste caso cumpre o requisito como posible empresa beneficiaria do programa.

-Que especificacións ten a solvencia técnica?

A solvencia técnica vaise avaliar segundo o indicado no artigo 10.4 das bases reguladoras. Ademais, referencias dun mínimo de tres proxectos similares a aqueles aos que opta, prestados nos últimos tres anos pola solicitante, que inclúan cando menos unha descrición do traballo realizado, equipo e destinatario do servizo (extensión máxima de tres páxinas).

-E se é a primeira vez que presta estes servizos?

A referencia dun mínimo de tres proxectos similares é unha condición "sine qua non" de solvencia técnica.

-Comentouse que a formación non forma parte do servizo, é un paso previo á aceptación por parte da empresa. No artigo 1, punto 4, letra a). exponse que forma parte do servizo nunha porcentaxe de entre 5% e 10%. Como se pode xestionar esta situación?

O solicitante debe considerar as eventualidades que poidan xurdir á hora de dimensionar a súa oferta. Ten que presentar a oferta pensando que é posible que deba dedicar horas a formación previa que finalmente non derive na empresa. Pode ser posible que deba dedicar horas de formación que non deriven finalmente na execución dun servizo.

-Que se considera un prazo de execución idóneo?

Analizarase a viabilidade en función da proposta de valor. As solicitudes valoraranse en concorrencia competitiva.

-Na parte de economía circular, entran as axudas á implantación de estándares de xestión ambiental?

Aquí o importante é coñecer a empresa e ver cales son os pasos prioritarios para reducir a linealidade dos seus procesos, a redución de residuos; en definitiva, o asesoramento para que sexa un negocio máis sostible. A idea é converter negocios lineais noutros que sexan circulares. A partir de ahí, certificados de sostibilidade tamén se pode engadir ese asesoramento, servirían para enriquecer o proxecto.

-En canto a referencias de experiencia mínima: é necesario acreditar esa experiencia a través de certificado de boa execución? Se é así, podemos exceder as 3 páxinas?

Ese certificado pode ser un complemento adicional. Se se aporta, sería a maiores desas 3 páxinas.

A experiencia dos 3 proxectos pode ser aportada tamén por traballadores externos que van no equipo, xunto coa propia empresa? É dicir, teñen que ser contratos da empresa ou vale con que sean traballos das persoas do equipo?

Si, sería válido traballadores externos co compromiso de adscribirse ao proxecto.

En canto ás horas, avalíanse en relación á coherencia coa proposta técnica, ou tamén comparativamente (en número de horas) respecto a outras consultoras? Prímanse as horas de presenza coa peme fronte as horas de back-office? Quero dicir: a avaliación é máis positiva cantas máis horas se realicen ou é unha avaliación cualitativa?

Vai ser comparativa e cuantitativa. Si teñen un pouco máis de valor as horas cóbado con cóbado que as de fóra; pero ámbalas dúas son necesarias e puntúan por separado.

-En relación á experiencia dos membros do equipo, débese acreditar con certificados individuais?

No cv han de vir a experiencia por traballo autónomo ou por adscrición á empresa. Non estamos pedindo unha acreditación máis alá, estamos pedindo a descrición de cada unha das persoas e un breve cv de cada unha delas. Non estamos esixindo nada máis.

-No punto A de calidade, por que non da o sumatorio de subpartados nese punto?

Hai un erro na versión en castelán do DOG. O correcto é a versión en GALEGO. É un problema de traducción.

-Se nos presentamos a varias solicitudes e unha persoa está en varias delas, o 5% de participación é en cada unha? Ou na suma do total?

Con carácter xeral, os equipos, se se presentan a máis dun servizo, teñen que ser disxuntos. O único que permitimos é cunha adicación igual ou inferior ao 5% si poida haber un coordinador/director que estea en máis dun equipo. Loxicamente, a dedicación igual ou inferior ao 5%, que é a condición para poder estar en máis dun equipo, é a cada servizo, non á suma de dedicación a tódolos servizos.

-Cal é o nº de servizos que debe asumir cada consultora?

Non hai ningún mínimo nin un máximo Pero da tipoloxía de cada un, vai depender de demanda de cada peme. Nin hai mínimo, nin máximo; salvo o máximo global do orzamento global das bases.

-A experiencia do equipo como se valora?

A experiencia valóranse en función da experiencia en proxectos similares.

-Cada sociedade mercantil a cantos servizos se pode presentar?

Cada entidade pode presentarse ata os 5 servizos que hai sempre e cando teña un equipo diferente para cada equipo.

-Na descripción dos traballos realizados, que datos do cliente deben aportarse?

Temos que poder contrastar a información aportada, loxicamente. Imos valorar que se nos diga quen foi o destinatario do servizo, coa garantía da máxima confidencialidade.

-Se hai 3 consultoras que quedan seleccionadas, a asignación das pemes, a cada una delas é por orde correlativa ou a peme escolle entre as consultoras?

A peme escolle, calquera empresa que desexe un servizo, vai ter que solicitalo a través dunha desas entidades colaboradoras.

-As horas que se comprometen dedicar, deben ser as que son relativas ás fases de traballo ou débese reflectir outras actividades relacionadas co servizo?

Deben reflectir as horas de traballo directo coa empresa, as horas de traballo non directo coa empresa, outras xestións administrativas. Poden sumar todo ese tipo de dedicación.